



PRESENTACIÓN DE FACTURAS

1. Obriga de presentación de factura electrónica (factura-e) a través da plataforma FACe (<https://face.gob.es/es>)

Terceiros obrigados:

- Os establecidos no artigo 4.1 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público:
 - Sociedades anónimas.
 - Sociedades de responsabilidade limitada.
 - Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que non teñan a nacionalidade española.
 - Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos establecidos na normativa tributaria.
 - Unións temporais de empresas.
 - Agrupacións de interese económico, Agrupacións de interese económico europea, Fondo de pensións, Fondo de capital de Risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondos de garantía de investimentos.

Os códigos DIR3 do Concello de Vedra (NIF P1509000D) son:

Oficina contable	Órgano xestor	Unidade tramitadora
Ayuntamiento de Vedra CODIGO DIR3: L01150891	Ayuntamiento de Vedra CODIGO DIR3: L01150891	Ayuntamiento de Vedra CODIGO DIR3: L01150891

Os obrigados a presentar facturas electrónicas NON PODERÁN PRESENTAR facturas presencialmente nin pola sede electrónica. Non obstante, cando o importe das facturas sexa igual ou inferior a 5.000 euros (IVE incluído), os suxeitos anteriores poderán presentar a factura de conformidade co disposto no punto 2.

2. Obriga de presentación de factura non electrónica por medios electrónicos

Considérase factura non electrónica presentada por medios electrónicos, a factura en formato dixital (non factura-e) ou papel, que se presenta no Rexistro Xeral de Entrada empregando medios electrónicos, como norma xeral a través da sede electrónica do concello: <https://sede.vedra.es/opencms/gl/>

Terceiros obrigados:

- Os mencionados no punto 1 que emitan unha factura cun importe igual ou inferior a 5.000 euros (IVE incluído).



- Os establecidos no artigo 14.2 da Lei 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entre os que destacan:
 - As persoas xurídicas.
 - As entidades sen personalidade xurídica.
 - Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira estar colexiado obrigatoriamente, para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da dita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo enténdense incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
 - Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración.

Os terceiros obrigados a relacionarse electrónicamente coa administración pública NON PODERÁN PRESENTAR facturas presencialmente.

3. Posibilidade de presentación de facturas en papel

Poderán acollerse a esta posibilidade o resto de terceiros/provedores non citados nos puntos anteriores (fundamentalmente, persoas físicas) que poderán presentar a súas facturas en papel presencialmente no Rexistro Xeral.

Non obstante, pese a non estar obrigados, aconséllase que para unha tramitación máis áxil, as facturas se presenten por estes terceiros a través da plataforma FACe ((<https://face.gob.es/es>) ou a través da sede electrónica (<https://sede.vedra.es/opencms/gl/>).